



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Un ano de vixencia da nova Lei de Contratos do Sector Público: balance e perspectivas

CONVOCATORIA: Xornada Un ano de vixencia da nova Lei de contratos do sector público: balance e perspectivas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 09/03/2019 - 08:00h ao 19/03/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O 9 de marzo de 2018 entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP). A lei establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública, con vocación de ser máis eficiente, transparente e íntegro, e de mellorar as condicións de acceso a este, facilitando, en particular, a participación das pemes.

Transcorrido o primeiro ano de vixencia da lei, procede realizar un balance da aplicación das principais modificacións introducidas por ela, valorando o alcance da súa execución e as dificultades que presenta. Así mesmo, coa realización desta xornada preténdese propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis innovadores e relevantes da LCSP desde o punto de vista xurídico e da xestión pública.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Ao longo da xornada trataranse, entre outros temas, especialmente os seguintes:

- Visión xeral do estado da contratación pública un ano despois da entrada en vigor da LCSP.
- A aplicación práctica da simplificación dos procedementos en contratación pública: do contrato menor ao procedemento aberto súper simplificado.
- A implantación da contratación electrónica.
- A aplicación da LCSP aos poderes adxudicadores non Administración pública e outras entidades.
- A relación calidade prezo. Os criterios de adxudicación. O deseño do obxecto e a determinación do prezo do contrato e os seus criterios de adxudicación.
- O recurso especial. Novidades e implantación dos novos supostos de control.
- Contratación pública e entidades locais.
- As novidades na execución do contrato e as súas vicisitudes: o responsable do contrato, o control de condicións de execución, a modificación do contrato e os pagos a subcontratistas.
- A compra pública estratéxica. Misión e visión práctica en Galicia.
- Impacto práctico nos operadores económicos da aplicación da LCSP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/03/2019 a 21/03/2019

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

MERCEDES FUERTES LOPEZ

PATRICIA IGLESIAS REY

Isabel Torralba Mena

JULIO GONZÁLEZ GARCÍA

SANTIAGO VALENCIA VILA

JUAN RAMON FERNANDEZ TORRES

MANUEL CUTRÍN DOMÍNGUEZ

FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ MATILLA SLU

Guillermo Tato González

José Manuel Maceira Blanco

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 21 de marzo de 10:15 a 14:00. O día 21 de marzo de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA